

**CONSELLO CONSULTIVO ECONÓMICO E SOCIAL DO CONCELLO DE
VILAGARCIA DE AROUSA**

Créase o Concello consultivo Económico e Social do Concello de Vilagarcía de Arousa coas funcións, composición e estrutura que se determinan neste Regulamento.

TITULO I
Disposicións xerais

Artigo 1º- CREACIÓN

O Consello Consultivo Económico e Social créase como órgano colexiado de carácter consultivo e asesor do Concello de Vilagarcía, en materia económica e social e dotada de plena independencia orgánica e funcional, de conformidade coa Lexislación vixente ó respecto, ó obxecto de facilita-la participación a tódolos cidadáns na vida económica e social do Municipio.

Asimesmo, contéplase como equipo de permanente diálogo e deliberación entre o Concello e amplo conxunto de organización representadas polo Concello Consultivo Económico e social.

Artigo 2º-FUNCIÓNS DO CONSELLO

As competencias que corresponden ó Concello consultivo Económico e Social son as seguintes:

1.-Emitir dictamentos de carácter preceptivo e facultativo, como poden ser:

- a) Plans xerais ou sectoriais que regulen, ou disciplinen, materias socioeconómicas directamente vencelladas ó Municipio.
- b) Elaborar e remitir anualmente ó Concello e, dentro do primeiro semestre de cada ano, memoria sobre a situación socioeconómica do Municipio.
- c) Calquera outro dictame relativo a materias que, por emisión de calquera disposición, sexa necesario consultar ó Consello.

2.-Elaborar, por propia iniciativa e a través de estudos, dictames ou propostas para reformas ou creación de normativas.

Os dictames requiridos ó Consello, deberán de emitirse no prazo que fixe o Concello, que en ningún caso, será inferior a 30 días.

TITULO II **Composición**

Artigo 3º-COMPOSICIÓN E DESIGNACIÓN

O Consello consultivo Económico e Social estará formado por 20 membros incluído o Presidente e o Secretario Xeral, dacordo coa seguinte composición:

- a) Seis membros designados polas Centrais sindicais con máis representación no Municipio (UGT, CC.OO e CIG).
- b) Seis membros designados pola Federación de Empresarios da Comarca de Arousa (FECA).
- c) Seis representantes municipais nomeados polo Pleno do Concello.

Cada membro do Consello terá un voto persoal, agás o Secretario Xeral, e non será delegable. Asimesmo poderá designar un suplente que, en temas específicos poderá ser unha persoa experta nos mesmos.

Artigo 4º-DURACIÓN DO MANDATO

Os membros do Consello serán designados e nomeados para un mandato de catro, renovable por períodos de igual duración.

Os membros do Consello poderán ser substituídos polas entidades, organizacións ou asociacións que os designasen e os nomeados permanecerán no seu cargo, como máximo, polo tempo que lle reste ó substituído para o cumprimento do seu mandato.

Sen embargo, os membros do consello, incluído o seu Presidente, continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos membros do Consello.

Artigo 5º.-CESAMENTOS

Os membros do Consello cesarán, ou perderán a citada condicións, por algunha das seguintes causas:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia expresa ante o Presidente do Consello e; no caso deste ante o Pleno Municipal do Concello.

- c) Por expiración do prazo do seu mandato, sen prexuício de continuar no exercicio das súas funcións ata que tome posesión quen teña que sucederlle.
- d) Declaración de incapacidade ou inhabilitación para o desempeño de cargo público, por sentenza xudicial firme.
- e) A proposta das entidades ou asociacións que promovesen a súa designación.

Artigo 6º.-INCOMPATIBILIDADES

A condición de membro do Consello será incompatible co exercicio de calquera cargo ou actividade que impida, ou menoscabe, o desempeño das funcións que lle son propias. En particular, a condición de membro do Consello será incompatible coa de:

- a) Membros das Cortes Xerais.
- b) Membros do Parlamento Galego ou de outros Organos que establezan este tipo de incompatibilidades.

TITULO III Funcionamento

Artigo 7º.-ORGANOS DO CONSELLO

O consello Consultivo Económico e Social, para o exercicio das súas funcións actuará a través dos seguintes órganos:

- O Pleno
- O Presidente
- O Secretario Xeral.

Artigo 8º.-O PLENO FUNCIONAMENTO E COMPETENCIA

O Pleno estará integrado pola totalidade dos membros mencioandos no artigo 3, apartados a), b) e c), baixo a dirección do Presidente e asistido polo Secretario Xeral.

- a) O pleno reunirse en sesión ordinaria, cando menos, trimestralmente. Asimesmo, poderá reunirse con carácter extraordinario a iniciativa do Presidente ou de un tercio dos seus membros.
- b) Para que a actuación do Pleno sexa válida, será maioría absoluta, na primeira convocatoria, e polo menos un tercio dos seus membros na segunda necesaria a asistencia de convocatoria.
- c) En todo caso, será necesaria a asistencia sempre do Presidente e do Secretario Xeral, ou de quen legalmente os substitúan, e polo menos un membro de cada grupo dos mencioandos no artigo 3, apartados a) b) e c).
- d) Sen embargo, se algunha destas representacións non acudise a tres convocatorias consecutivas, na seguinte poderanse tomar acordos, prescindindo do seu voto, en contra do estipulado no apartado anterior.
- e) Os acordos do Consello irán asinados polo Secretario Xeral, co visto e prace do Presidente, e uniránse os votos particulares se os houberse.

Artigo 9º.-PRESIDENTE

O Presidente será o Alcalde ou persoa na que delegue.
Son funcións do Presidente:

- a) Dirixi-las actuacións do Consello e ostenta-la representación do mesmo.
- b) Convoca-las sesións do Consello, presidilas e modera-lo desenvolvemento dos debates.
- c) Elabora-la orde do día das sesións do Consello.
- d) Visa-las actas, ordena-la publicación dos acordos e dispoñe-la cumprimento dos mesmos.
- e) En caso de ausencia ou enfermidade poderá delega-las súas funcións na persoa que el designe.

Artigo 10º.-SECRETARIO XERAL

O secretario Xeral será designado polo Presidente, sen que poida exercer esta función ningún dos membros mencionados nos apartados a), b) e c) do artigo 3.

Son funcións do Secretario Xeral:

- a) Estende-las actas das sesións , autorizalas coa súa sinatura e o Visto e Prace do Presidente e da-lo curso correspondente ós acordos que se adopten.
- b) Asistir, con voz pero sen voto, ás sesións do Consello.
- c) Custodia-la documentación do Consello.
- d) Expedir certificacións das actas, acordos dictames, votos particualres e outros documentos confiados á súa custodia, co Visto e Prace do Presidente.
- e) Cantas outras lles sexan atribuídas polo Consello ou sexan inherentes á súa condición de Secretario.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.-Destácase a posibilidade de crear mesas Sectoriais, par debater problemas específicos de sectores estratéxicos e definir, así, unha determinada liña de actuación.

Segunda.-O Consello Consultivo Económico e Social garantirá a calidade dos seus traballos a través de Técnicos e Expertos en temas socioeconómicos. Estes técnicos e expertos serán facilitados polo Concello, a petición do Consello, ou polos Organismos representantes no Consello.

Terceira.-A sede do Consello Consultivo Económico e Social estará localizado no lugar que o Concello designe para tal fin.

Cuarto.-As dotacións económicas para o funcionamento do Consello Consultivo Económico e Social, cubriranse con consignacións municipais que, para ese efecto, habilitará o Concello.

Quinta.-O cargo de membro do Consello Consultivo Económico e Social non é retribuíble, incluído o Presidente e Secretario Xeral.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.-Dentro do prazo de dous meses seguintes á entrada en vigor do Regulamento que regule o Consello consultivo Económico e Social, deberá procederse á designación dos membros do mesmo, polas asociacións e organizacións competentes, segundo se establece no presente Regulamento.

Segunda.-Transcorrido o prazo sinalado na disposición anterior, o Alcade convocará, para a súa cosntitución, dentro dos trinta días seguintes, ó pleno do Consello Consultivo Económico e Social, con fixación de lugar, día e hroa na que se teña que celebra-lo acto.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte de cumpridos os trámites de publicidade que establece a Lexislación vixente.